

PREZO PUBLICO POR ENSINANZAS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS , CULTURAIIS, DEPORTIVAS E XUVENÍS¹

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto deste prezo público é o cobramento da participación nas actividades impartidas de ensinanzas en centros municipais e a prestación de actividades educativas e de fomento da igualdade de xénero, culturais, deportivas, xuvenís e para persoas adultas, maiores e/ou con algunha discapacidade específica.

Artigo 2.- Obrigación de pagamento

Están obrigados ao pagamento as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que participen nas actividades impartidas de ensinanzas en centros municipais e a prestación de actividades educativas e de fomento da igualdade de xénero, culturais, deportivas, xuvenís e para persoas adultas, maiores e/ou con algunha discapacidade específica.

Artigo 3.- Importe^{2 3 4}

ENSINANZAS CULTURAIIS	
Matriculación para persoas empadroadas	25,00 € / trimestre
Matriculación para persoas non empadroadas	35,00 € / trimestre
Inscripción en actividades culturais diversas	30,00 €

ENSINANZAS DEPORTIVAS	
Matriculación para persoas empadroadas	25,00 € / trimestre
Matriculación para persoas non empadroadas	35,00 € / trimestre
Cursos deportivos superiores a 20 horas. Con transporte	80,00 €
Cursos deportivos superiores a 20 horas. Sen transporte	47,00 €
Cursos deportivos inferiores a 20 horas. Con transporte	70,00 €
Cursos deportivos inferiores a 20 horas. Sen transporte	35,00 €
Cursos de natación. Con transporte	80,00 €
Cursos de natación. Sen transporte	40,00 €
Cursos de natación. Con transporte con abono familiar	72,00 €
Cursos de natación. Sen transporte con abono familiar	35,00 €

CONSERVATORIO DE MÚSICA MUNICIPAL	
Iniciación	
Matriculación	0,00 €
Mensualidade	0,00 €
Grao elemental	
Curso completo	
Matriculación ou ampliación de matriculación	0,00 €
Mensualidade	0,00 €
Segunda especialidade	

1 Nova denominación aprobada en XGL 03/09/2012. Denominación anterior "Prezo público por ensinanzas e actividades educativas e de fomentos da igualdade de xénero, culturais, deportivas, xuvenís e para persoas adultas, maiores e/ou con algunha discapacidade específica"

2 Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 21/09/2015 (BOP núm. 183 do 24/09/2015)

3 Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 12/08/2016 (BOP núm. 156 do 18/08/2016)

4 Artigo modificado no que se refire aos importes do Conservatorio mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 27/05/2024 (BOP núm. 103 do 29/05/2024)

Matrícula por materia	0,00 €
Mensualidade	0,00 €
Convalidación por materia superada	0,00 €
Materia pendente adicional á matrícula nun curso completo	
Matrícula	0,00 €
Materia pendente, só 4º curso	
Matrícula	0,00 €
Mensualidade	0,00 €
Alumnado con materias convalidables doutra especialidade cursada con anterioridade.	
Matrícula	0,00 €
Mensualidade instrumento	0,00 €
Mensualidade por outra materia	0,00 €
Convalidación por materia superada	0,00 €
Grao profesional	
Matrícula proba de acceso ao grao profesional	0,00 €
Curso completo	
Matrícula ou ampliación de matrícula	0,00 €
Mensualidade	0,00 €
Segunda especialidade	
Matrícula por materia 1º e 2º curso	0,00 €
Mensualidade	0,00 €
Matrícula por materia 3º e 4º curso	0,00 €
Mensualidade	0,00 €
Matrícula por materia 5º e 6º curso	0,00 €
Mensualidade	0,00 €
Convalidación por materia superada	0,00 €
Materias pendentes adicionais á matrícula nun curso completo	
Matrícula	0,00 €
Materia pendente, só 6º curso	
Matrícula	0,00 €
Mensualidade	0,00 €
Alumnado con materias convalidables doutra especialidade cursada con anterioridade.	
Matrícula	0,00 €
Mensualidade instrumento	0,00 €
Mensualidade por cada unha das outras materias 1º e 2º curso	0,00 €
Mensualidade por cada unha das outras materias 3º e 4º curso	0,00 €
Mensualidade por cada unha das outras materias 5º e 5º curso	0,00 €
Convalidación por materia superada	0,00 €
Alumnado ointe en materias colectivas (só matriculados)	
Grao Elemental por materia colectiva	0,00 €
Grao Profesional por materia colectiva	0,00 €

ESCOLAS DE PAIS E NAIS	
Curso por bloques de contidos	
Curso completo	29,16 €
ESCOLAS DE AVÓS E AVOAS	
Curso completo	18,18 €

ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL	
PROGRAMA PONTE A PUNTO (Actividades extraescolares dirixidas a alumnos de 5º e 6º de E. Primaria e 1º e 2º de ESO, para a prevención do fracaso escolar, fomento do éxito escolar e apoio á mellora da lingua estranxeira:	
ReforzaT: Dous días á semana dúas horas de duración cada día (€/mes)	10,50 €
ConcienciaT: Dous días á semana dúas horas de duración cada día (€/mes)	10,50 €
ExpresaT: Dous días á semana dúas horas de duración cada día (€/mes)	10,50 €
MAÑÁS DE CAMPAMENTOS	
1.1 Actividades lúdico-pedagóxicas	
Empadroados/as en Culleredo (por semana e por participante)	21,00 €
Non empadroados/as en Culleredo, sempre que haxa prazas vacantes (por semana e por participante)	42,00 €
1.2 Servizos complementarios (opcionais ás actividades de campamento, cun mínimo de 15 usuarios/as para cada un deles e por semana)	
Almorzo	12,50 € / participante
Xantar	29,00 € / participante
Transporte	31,00 € / participante
Permanencia	12,00 € / semana / participante

Artigo 4.- Bonificacións⁵⁶

CONSERVATORIO DE MUSICA MUNICIPAL

1. As familias numerosas de categoría xeral gozarán dunha redución do 50% nas tarifas de matrícula e as familias numerosas de categoría especial gozarán dunha redución no mesmo concepto do 100%.

ENSINANZAS CULTURAIS E DEPORTIVAS

1. Bonificacións por idade:
Aplicarase unha bonificación do 10% na primeira actividade a:
 - o Menores de 18 anos acreditados con DNI ou libro de familia.
 - o Maiores de 65 anos acreditados con DNI.
2. Bonificacións por situación persoal:
Se lle aplicarán as seguintes bonificacións quen no momento da inscrición posúa e amose o orixinal dos seguintes documentos acreditativos actualizados :

Bonificación por familia numerosa xeral	50% primeira actividade
Bonificación por familia numerosa especial	100% primeira actividade
Acreditación: mediante a presentación do carné de familia numerosa	
Bonificación por atoparse en situación de desemprego	50% na primeira actividade

⁵ Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 21/09/2015 (BOP num. 183 do 24/09/2015)

⁶ Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 12/08/2016 (BOP núm. 156 do 18/08/2016)

Acreditación: mediante a presentación da tarxeta do SEPE de desemprego
--

Bonificación por ser membro da Oficina Municipal do Voluntariado	50% primeira actividade
Acreditación: mediante a presentación do carné de Oficina municipal de Voluntariado en activo	

Bonificación por ter unha discapacidade con grao igual o superior ao 33%	10% primeira actividade
Acreditación mediante a presentación de:	
<ul style="list-style-type: none"> • Certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia • Resolución ou certificado emitido pola Seguridade social de percepción de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez,ou • Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. 	

Bonificación por ser socio do clube municipal +65:	10% primeira actividade
Acreditación: mediante a presentación do carné municipal +65.	

Bonificación por ser titular do Carné xove	10% primeira actividade
Acreditación: mediante a presentación do carné xove da Xunta de Galicia	

3. Tarifa social:

Bonificación especial para persoas con informe dos servizos sociais municipais, previa solicitude de cita coa traballadora social para valoración da situación socioeconómica no centro municipal de servizos sociais que lle corresponda polo seu domicilio.

A porcentaxe de bonificación, que poderá acadar ata o 100%, establecerase mediante informe social dos/as técnicos/as da unidade de Traballo Social do servizo de Benestar Social no que se valoren as circunstancias persoais ou sociofamiliares das persoas solicitantes de inscrición.

Esta tarifa será de aplicación a unha actividade.

4. Actividades de balde:

Serán así consideradas aquelas que se sinalen en cada nova convocatoria pública e serán así determinadas en función dos obxectivos socioeducativos ou de promoción da saúde perseguidos a través delas.

No suposto que un participante estea en varios supostos de bonificación, será de aplicación un so desconto de tarifa, o mais beneficioso para o participante na actividade.

As bonificacións aquí reguladas non será de aplicación ás persoas non empadroadas en Culleredo, agás a derivada da situación de voluntariado en activo na Oficina municipal de Voluntariado de Culleredo, que si lles será de aplicación.

ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL⁷

1. Farase unha redución do 50% por participante nos casos de familias numerosas sempre que os ingresos brutos da unidade familiar non supere os 660 euros por membro.
2. Para aquelas familias que non tendo a cualificación de familias numerosas teñan 2 fillos/as participantes na actividade, terán dereito a unha redución do 20% sobre o importe dun deles.
3. Tarifa especial: Esta tarifa será aplicable a:

⁷ Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 15/07/2013 (BOP num. 139 do 23/07/2013)

- a) aquelas familias que presenten informe da Concellaría de Benestar social, acreditando dificultades económicas incompatibles co pago da tarifa establecida para as actividades lúdico pedagóxicas e/ou da tarifa de servizos complementarios,
- b) ou cando ámbolos dous cónxuxes estean desempregados. Neste caso, deberán achegar, ademais do informe da Concellaría de Benestar, certificación do INEM actualizada.

O importe a pagar será o resultante de aplicar á tarifa normal a porcentaxe de redución proposto no informe técnico. Esta porcentaxe poderá acadar o 100% de redución da tarifa.

Nestes casos, o informe poderá propor o fraccionamento do pago da tarifa.

Artigo 5.- Nacemento da obriga⁸⁹

CONSERVATORIO DE MUSICA MUNICIPAL

O período impositivo coincide co mes natural, establecéndose a parte proporcional no caso dos períodos de comezo e final do curso, que virán determinados na súa duración polo Calendario Escolar establecido pola Consellería de Educación. A obriga de pagamento créase no primeiro día do período impositivo agás nos casos das altas e nas matrículas. Nos casos de alta a obriga crease no momento en que se inicie a prestación do servizo. Enténdese como inicio da prestación do servizo o momento en que se resolva positivamente a solicitude do interesado. Nos casos da matrícula, a obriga de pagamento prodúcese no momento de efectuar este proceso.

ENSINANZAS CULTURAIS E DEPORTIVAS

O nacemento da obriga prodúcese o primeiro día do trimestre con independencia do día en que se inicie a participación na actividade.

Só no caso en que, por causas imputábeis ao propio concello, non se desenvolvera a actividade procedería a liquidación da parte proporcional que corresponda aos períodos impartidos de actividade.

RESTANTES ACTIVIDADES

A obriga de pagamento prodúcese no momento en que se inicie a prestación do servizo. Enténdese como inicio da prestación do servizo o momento en que se resolva positivamente a solicitude da persoa interesada.

Artigo 6.- Xestión^{10 11}

CONSERVATORIO DE MUSICA MUNICIPAL

1. A xestión do prezo público corresponde ao Conservatorio Municipal de Música de Culleredo.
A aplicación dos prezos públicos para o Conservatorio Profesional de Música de Culleredo establecerase por Cursos segundo Calendario Escolar Fixado pola Consellería de Educación, e será efectiva para o curso escolar correspondente a partir do remate do período lectivo do curso anterior. Estes prezos públicos deberán ser aprobados con anterioridade a esta data.
2. A solicitude de prestación do servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se deriven da obriga de pagamento, ata a baixa no servizo e a asinará o solicitante simultaneamente coa solicitude de prestación.
3. A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas determinará a interrupción do servizo. Non poderán renovar praza aqueles que teñan mensualidades non pagadas de calquera outro curso no momento de formalizar a solicitude, polo que

8 Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 21/09/2015 (BOP num. 183 do 24/09/2015)

9 Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 12/08/2016 (BOP núm. 156 do 18/08/2016)

10 Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 21/09/2015 (BOP num. 183 do 24/09/2015)

11 Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 12/08/2016 (BOP núm. 156 do 18/08/2016)

- deberán estar ao día dos débitos de cursos anteriores.
4. Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se practiquen coas bases que se acorden.
 5. Mensualmente, o órgano xestor remitirá as liquidacións para a súa aprobación e os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobramentos e o ingreso das cotas en fondos municipais.
 6. A xustificación da contía da RPC efectuarase coa presentación do IRPF correspondente ao último exercicio, ou calquera outro documento que o substitúa.
 7. Enténdese por RPC mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir entre doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar. Para iso presentarán declaracións individuais ou conxunta da unidade familiar, segundo sexa o caso, coas seguintes consideracións:
 - a) Teñen consideración de ingresos a suma da parte xeral mais a parte especial da base imponible anteriores á aplicación do mínimo persoal e familiar do IRPF. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases imposables ás que se fai referencia, obtéranse como resultado de aplicar aos datos existentes na Administración os criterios de lexislación do IRPF.
 - a) Entenderase como unidade familiar para estes efectos a composta polos cónxuxes non separados legalmente e os fillos menores. En caso de separación legal ou cando non exista vínculo matrimonial, a formada polo pai, a nai e todos os fillos menores que convivan con un ou outro.
 8. Poderá fraccionarse o pagamento da matrícula en dúas quendas: un primeiro pagamento do 50% que as persoas interesadas deberán efectuar no momento da matrícula; e un segundo pagamento polo resto do importe, a efectuar mediante domiciliación bancaria no número de conta autorizada polos usuarios para tal fin, na segunda quincena do mes de setembro.
 9. En ningún caso procederá a devolución do prezo público.

RESTANTES ACTIVIDADES

1. O prezo público esixírase en réxime de autoliquidación.
2. Os suxeitos pasivos que motiven a prestación dos servizos mencionados presentarán un escrito dirixido á Alcaldía solicitando esta prestación.
3. Cando se presenten as solicitudes efectuarase o ingreso anticipado en concepto de depósito anterior do importe do prezo público, requisito indispensable para que se inicie a prestación dos servizos que se soliciten.
4. O material persoal necesario para as actividades correrá por cargo de cada persoa participante.
5. Para o inicio de calquera das actividades é necesario contar cun número mínimo de 6 persoas inscritas.

ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

- O pagamento da actividade realizarase ao comezo de cada trimestre en que se desenvolva a actividade. Á única forma de pago admitida é a domiciliación bancaria, polo que no momento da inscrición na actividade deberá presentar a correspondente orde de domiciliación, no modelo que se facilitará polo Concello. De xeito excepcional, se a inscrición se producira para a cobertura de prazas unha vez finalizado o período de inscrición inicial, ou noutros casos xustificadas, poderá admitirse o pagamento mediante ingreso bancario, mediante a presentación da correspondente autoliquidación.
- A devolución dunha soa cota determinará a interrupción inmediata na participación na actividade correspondente en períodos sucesivos da mesma actividade si é o caso.
- Para darse de baixa nunha actividade, é obrigatorio presentar no Rexistro Municipal un impreso de baixa no modelo establecido, sendo o prazo límite o último día de cada trimestre.
- Aquelas persoas usuarias que causen baixa voluntaria e teñan pendente algunha cota non poderán ser dadas de alta de novas actividades sen saldar previamente a débeda.